



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2008 13:19
Nº Rexistro: 27033
Data envío: 07/02/2008 13:19:22.009

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Bieito Lobeira Domínguez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa **resposta oral en Comisión**, relativa ao proxecto de plano acuícola presentado pola Consellaría de Pesca.

Durante máis de dezaseis anos, os gobernos do PP foron incapaces de ofrecer unha regulación e unha planificación adecuada do sector da acuicultura. De feito o plano acuícola do PP foi aprobado no último Consello da Xunta presidido por Fraga Iribarne por un goberno en funcións e plenamente consciente da conflictividade e contestación social que ía levantar un documento elaborado de costas á cidadanía e que fixaba lugares para a ubicación de piscifactorías no litoral cun alto impacto ambiental, paisaxístico e social, alén de se situaren algúns deles dentro de espazos litorais incluídos na raquítica "Rede Natura 2000".

Desde o BNG sempre defendemos a necesidade dunha planificación pública da actividade acuícola no noso país. En atención á súa importancia económica, ao seu impacto ambiental, paisaxístico e social e tamén á importancia dos recursos públicos destinados ao seu financiamento. E sempre defendemos que o novo plano acuícola da Consellaría de Pesca debería especificar contidos e emprazamentos guiándose por criterios ineludíbeis como os seguintes: (a) a depuración integral das augas procedentes destas instalacións, (b) a xeración de emprego estábel nas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2008 13:19
Nº Rexistro: 27033
Data envío: 07/02/2008 13:19:22.009

comunidades directamente afectadas pola súa instalación, (c) a minimización do impacto ambiental e paisaxístico, (d) o mantimento das actividades que se viñan realizando na zona, nomeadamente a pesca e marisqueo tradicionais e (e) o impulso da investigación orientada á cría de novas especies e á sustentabilidade da actividade.

Os que se veñen de citar son os criterios seguidos na elaboración do proxecto de plano de acuicultura actualmente en discusión. Porén as súas determinacións concretas están a levantar unha certa contestación por parte de plataformas veciñais, confrarías, organizacións ecoloxistas e Concellos de diferentes cores políticas.

Así pois, á vista de canto se vén de expor, fórmulanse as seguintes cuestións:

Ten previsto a Consellaría de Pesca organizar algú mecanismo de interlocución coas plataformas, confrarías, organizacións ecoloxistas e corporacións municipais críticas co actual proxecto de plano acuícola?

Está disposta a Consellaría de Pesca propor modificacións do proxecto de plano acuícola sempre na liña de garantir a sustentabilidade ambiental e social das plantas proxectadas, valorando mesmo a supresión ou a reformulación profunda dalgunhas das previstas?

Santiago de Compostela, 7 de Febreiro de 2008.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2008 13:19
Nº Rexistro: 27033
Data envío: 07/02/2008 13:19:22.009

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 07/02/2008 13:15:59

Bieito Lobeira Domínguez na data 07/02/2008 13:16:06